



## FLORA

Nun medio adverso de fortísimos ventos, salinidade e insolación, a riqueza vexetal de Udra converte o cabo nun espazo singular. Domina a paisaxe a matogueira, formada principalmente por carrasacas e toxos mariños que medran en forma de almofadas, de xeito arredondado e a escasa altura, para adaptarse ao forte vento. O brizo, a silene marina, a margarida grande de cantil, o trovisco e a carqueixa boeira áchanse tamén neste hábitat de excepcional valor ecolóxico, tan escaso no resto do continente europeo, que foi considerado de interese prioritario pola UE. Na parte baixa dos cantís, salpicada polas pingas de auga salgada, nacen o pirixel de mar e a herba de namorar, e nas fendas protexidas e húmidas atopamos o fento mariño. Nos areais xorden a eiruga mariña, a correola das praias e o cardo mariño, ao que se suma nas pequenas dunas o feo da praia. Nas penedías, os líques son os protagonistas.



## GUÍA DE CABO UDRA CONCELLO DE BUEU

Pasear por Cabo Udra é sentir a frescura do vento no rostro, ollar a forza do mar batendo contra os cantís e somerxerse nun paraíso de praias salvaxes. Pero é tamén achegarse a formas de vida ancestrais e rodearse dunha riqueza botánica e faunística única que mereceron a inclusión deste espazo na Rede Natura 2000, ademais da súa catalogación como Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) e Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN). O espazo protexido constitúeno hoxe 8 km de fronte costeira e 443 hectáreas de auga mariña cunha singular biodiversidade, onde os penedos de estrañas formas moldeadas pola chuvia, o vento e as ondas converten a espectacular paisaxe nun auténtico monumento xeolóxico.

## FAUNA

O lagarto arnau é a especie animal máis representativa de Udra. Porén, son as aves as que espertan meirande interese: máis de 100.000 voan fronte a esta costa durante os pasos migratorios. Parrulos pentumeiros, araos, mascatos, carráns e palleiras déixanse ver cando viaxan cara as colonias de cría no norte e cando retornan aos lugares de invernada. Por aquí pasa mesmo a pardela balear, en perigo de extinción. A gaivota patiamarela e o corvo mariño cristado achéganse dende as veciñas Illas Atlánticas. O rabirrubio é a especie máis común nas penedías, mentres que o chaschás e a papuxa se agochan na matogueira. A avoiteira cincenta fai o niño directamente no chan. O meirande depredador é o miñato, canda o falcón peregrino que aniña nos cantís. A Rede Natura 2000 protexe tamén o mar que rodea o cabo, onde nadan o arroaz e a toniña, especies ameazadas. Os seus saltos en media lúa son todo un espectáculo no serán.



## AULA DA NATUREZA

Ao pé do monte do Castro, onde se situaba o antigo poboado castrexo, érguese hoxe a innovadora Aula da Natureza de Cabo Udra, no espazo que ocuparan en tempos as baterías militares. Trátase dun dos poucos centros de interpretación galardoados en Galicia co distintivo de Bandeira Azul, un emblema que avala o seu labor a prol da educación ambiental sobre os ecosistemas litorais e o desenvolvemento sostible. Ademais de continuas actividades e exposicións temporais, a Aula acolle unha mostra permanente sobre os valores ecolóxicos e etnográficos do espazo natural de Cabo Udra e constitúe asemade un exemplo de utilización das enerxías limpas e renovables: o centro aliméntase a través dun aeroxerador e mediante paneis térmicos e fotovoltaicos.

*Consultar horarios/visitas en [www.concellodebueu.org](http://www.concellodebueu.org) ou contactando  
Tel: 699 996 685 || E-mail: [auladanatureza@concellodebueu.org](mailto:auladanatureza@concellodebueu.org)*



## PATRIMONIO ETNOGRÁFICO

Cabo Udra non constitúe só un espazo de gran valor ecolóxico, senón que neste contorno mergúllanse tamén auténticas xoias do noso patrimonio etnográfico vinculadas á gandería e á pesca máis artesanal. Entre os penedos agóchanse os chozos ou cortellas de Chan de Esqueiros, utilizados polos pastores como refuxio entre finais do século XIX e mediados do XX. Nas praias varan aínda embarcacións tradicionais como o bote polbeiro e a dorna, probablemente de orixe viquiuga. Completan o percorrido algunhas casas mariñeiras e os vestixios de dúas fábricas de salgadura. Na de Acoradouro só quedan algúns restos, pero a de Mourisca, de propiedade privada, é unha das mellor conservadas. Tras os seus muros pervive o ancestral sistema de presas e lagares para conservar o peixe en sal, unha metodoloxía herdada dos romanos.





## FLORA

En un medio adverso de fortísimos vientos, salinidad e insolación, la riqueza vegetal de Udra convierte el cabo en un espacio singular. Domina el paisaje el matorral, formado principalmente por brezos y tojos costeros que crecen en forma de almohadas, de manera redondeada y a escasa altura, para adaptarse al fuerte viento. La angélica, la colleja de mar, la margarita grande de acantilado, el torvisco y el jaguarzo blanco se hallan también en este hábitat de excepcional valor ecológico, tan escaso en el resto del continente europeo, que fue considerado de interés prioritario por la UE. En la parte baja de los acantilados, salpicada por las gotas de agua salada, nacen el perejil de mar y la armería, y en las grietas protegidas y húmedas encontramos el helecho marino. En los arenales surgen la oruga marina, la corregüela marítima y el cardo marino, al que se suma en las pequeñas dunas el barrón. En los roquedales, los líquenes son los protagonistas.



## GUÍA DE CABO UDRA CONCELLO DE BUEU

Pasear por Cabo Udra es sentir el frescor del viento en la cara, contemplar la fuerza del mar golpeando los acantilados y sumergirse en un paraíso de playas salvajes. Pero es también acercarse a formas de vida ancestrales y rodearse de una riqueza botánica y faunística única que mereció la inclusión de este espacio en la Red Natura 2000, además de su catalogación como Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) y Zona de Especial Protección de los Valores Naturales (ZEPVN). El espacio protegido lo constituyen hoy 8 km de frente costero y 443 hectáreas de agua marina con una singular biodiversidad, donde las rocas de extrañas formas moldeadas por la lluvia, el viento y las olas convierten el espectacular paisaje de Udra en un auténtico monumento geológico.

## FAUNA

El lagarto ocelado es la especie animal más representativa de Udra. No obstante, son las aves las que despiertan mayor interés: más de 100.000 vuelan frente a esta costa durante los pasos migratorios. Negrón común, araos, alcatraces, charranes y págalos se dejan ver cuando viajan hacia las colonias de cría en el norte y cuando retornan a los lugares de invernada. Por aquí pasa incluso la pardela balear, en peligro de extinción. La gaviota patiamarilla y el cormorán moñudo se acercan desde las vecinas Islas Atlánticas. El colirrojo es la especie más común en los roquedales, mientras que la tarabilla y la curruca se esconden en el matorral. El chotacabras gris hace el nido directamente en el suelo. El mayor depredador es el busardo ratonero, junto al halcón peregrino que anida en los acantilados. La Red Natura 2000 protege también el mar que rodea el cabo, donde nadan el delfín mular y la marsopa común, especies amenazadas. Sus saltos en media luna son todo un espectáculo al atardecer.



## PATRIMONIO ETNOGRÁFICO

Cabo Udra no constituye sólo un espacio de gran valor ecológico, sino que en este entorno se sumergen también auténticas joyas de nuestro patrimonio etnográfico vinculadas a la ganadería y a la pesca más artesanal. Entre las rocas se esconden los chozos o cuadras de Chan de Esqueiros, utilizadas por los pastores como refugio entre finales del siglo XIX y mediados del XX. En las playas varan aún embarcaciones tradicionales como el bote polbeiro y la dorna, probablemente de origen vikingo. Completan el recorrido algunas casas marineras y los vestigios de dos fábricas de salazón. En la de Ancoradouro sólo quedan algunos restos, pero la de Mourisca, de propiedad privada, es una de las mejor conservadas. Tras sus muros pervive el ancestral sistema de presas y lagares para conservar el pescado en sal, una metodología heredada de los romanos.

## AULA DE LA NATURALEZA

Al pie del monte de O Castro, donde se situaba el antiguo poblado castreño, se levanta hoy la innovadora Aula de la Naturaleza de Cabo Udra, en el espacio que ocuparan en otro tiempo las baterías militares. Se trata de uno de los pocos centros de interpretación galardonados en Galicia con el distintivo de Bandera Azul, un emblema que avala su labor en favor de la educación ambiental sobre los ecosistemas litorales y el desarrollo sostenible. Además de continuas actividades y exposiciones temporales, el Aula acoge una muestra permanente sobre los valores ecológicos y etnográficos del espacio natural de Cabo Udra y constituye asimismo un ejemplo de utilización de las energías limpias y renovables: el centro se alimenta a través de un aerogenerador y mediante paneles térmicos y fotovoltaicos.

Consultar horarios/visitas en [www.concellodebueu.org](http://www.concellodebueu.org) o contactando  
Tel: 699 996 685 || E-mail: [auladanaturaleza@concellodebueu.org](mailto:auladanaturaleza@concellodebueu.org)

